

## ACTA DO XURADO DO CONCURSO "CARTEL DE CORPUS 2018"

No Salón de Plenos do Concello de Ponteareas, sendo ás 19.35 horas do día 07 de marzo de 2018, reúnese o **Xurado do Concurso de Cartel de Corpus 2018**, composto por: dona Hortensia Bautista Fernández, con DNI 76891074G, en calidade de Concelleira de Cultura; os vogais, don Xosé Alberte Álvarez Rodríguez, con DNI 35550793S, dona Aurora Quinteiro Alonso, con DNI 35558660Q, don Óscar Manuel Gómez Sánchez, con DNI 76895368C e don Pablo González Blanco, con DNI 76896679C, persoas relacionadas co Deseño, o Debuxo e as Belas Artes e como secretaria, sen voto, dona María Belén Giráldez Ojea, con DNI 35559487S, como traballadora do departamento de cultura, chegan aos seguintes acordos:

1º.- Aceptar por unanimidade a proposta do sr. Alcalde de nomear a don Oscar Ledo González co DNI 76901493G, como asesor.

2º Comprobar que se presentaron 18 traballos en sobre pechado a este concurso e que están ordenados coas letras da A a R do alfabeto segundo a orde de rexistro de entrada.

3º.- Que unha vez abertos os sobres e examinados os deseños, procédese á valoración.

4º.- Por unanimidade, e despois de valorar estas obras, considerouse seleccionar de entre todas tres finalistas. Valoradas as diferentes propostas, conclúen que ningunha das tres finalistas cumpren no seu conxunto cos criterios estipulados nas bases do concurso, atendendo a temática e relación coa Festa do Corpus, a calidade técnica, ao impacto visual, ou a criterios estéticos.

5º Por unanimidade, despois de ter en conta as anteriores valoracións, o xurada decide deixar **deserto o premio** da presente convocatoria.

O xurado xustifica o fallo indicando que dos tres carteis, o presentado baixo o lema "Coloris Natura" cumpre en maior medida os requisitos estéticos, impacto visual, calidade técnica e temática pero non así a iconografía da imaxe que debe centrarse exclusivamente nos materiais propios do Corpus.

**6º Os membros do xurado suxiren á Presidenta que valore contactar coa autora ou autor, e ofrecerlle un acordo para que acepte modificar as imaxes dos materiais empregados no icono e despois da modificación considere elixir fóra de concurso, o cartel presentado baixo o lema "Coloris Natura" como imaxe do cartel do Corpus Christi 2018**

Os membros do Xurado dan fé do aquí redactado e, asinan a presente acta en Ponteareas, a 7 de marzo de 2018.



The image shows five distinct handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. From left to right: the first signature appears to be 'Bel' with a flourish underneath; the second is 'Santos' with a long horizontal line extending to the right; the third is 'Luis' with a flourish underneath; the fourth is 'Antonio' with a flourish underneath; and the fifth is 'Alfonso' with a flourish underneath.